



PRESENTACIÓN DO LIBRO DE MERO IGLESIAS DOCE DUCIAS

VENRES, 1 DE XULLO DE 2016

20:00 H.

NA CASA DA CULTURA DE VILALBA

VENRES
1xullo2016 20:00 h.
NA CASA DA CULTURA DE VILALBA

PRESENTACIÓN DO LIBRO
DOCE DUCIAS
de MERO IGLESIAS

prólogo de XULIO XIZ
ilustracións de MARÍA GUERRERO

interveñen
MERO IGLESIAS
XULIO XIZ
PEPE QUINTAS
O GAITEIRO RAÚL
MANUEL C. SANTAMARIÑA

edita e organiza Iescha
INSTITUTO DE ESTUDIOS CHAIREGOS
VILALBA

antigma

O Instituto de Estudos Chairegos organiza o vindeiro venres, día 1 de xullo, ás 20:00 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, a presentación do poemario **DOCE DUCIAS**, de Baldomero Iglesias Dobarrio “Mero”, editado polo propio IESCHA, con prólogo de Xulio Xiz e ilustracións de María Guerrero.

No acto intervirán:

Mero Iglesias
Xulio Xiz
Pepe Quintas
O gaitero Raúl
e Manuel C. Santamariña

En palabras de Xulio Xiz, prologuista do libro: “Esta ducia de ducias de poemas semella ser unha summa poética, unhas memorias, duras e tenras asegún, que se aínda **“non estamos afeitos á vitoria”**, hai que loitar por ela agora e sempre, con fe, con esperanza, que **“é oficio do cantor non calar nada”**, pacíficamente violento (**“contra a violencia, a palabra”**), porque **“hai que botar fora do peito todo o que a vida foi acugulando”**, **“mais coa vontade de ser vencedores sen derrota / sen esquecermos que somos dignos da nosa vitoria.**

(...)

E contén debuxos vilalbeses que sintonizan coa Vilalba que latexa en todo o libro. Magníficos debuxos de María Guerrero, que se acredita compañeira de viaxe, con arte nas máns e na alma.

(...)

Este libro é como unha radiografía da alma chairega que se se lle puidesen poner lindes, irían desde o Pedregal de Irimia ao fin do Miño fundíndose no mar... levando **“nas alforxas o amor / para deitarnos con calma”**.

(...)

Mero cóntase entre os afortunados diazcastrianos que pode proclamar “A beleza feriume para sempre”. Este libro é a proba desa ferida para a que o único tratamento coñecido – doentes ou en período de contaxio- é a poesía libre en estado puro, suministrada en recipientes coma este.”

DOCE DUCIAS de Mero Iglesias fai o número 25 da Biblioteca Chairega.